



Confederación Intersindical Galega
Sección Sindical CIG Telefónica

Fronte os despedimentos, o único camiño...a unidade

A CIG, central sindical convocante do paro do pasado 4 de setembro pola readmisión dos compañeir@s despedidos/a e retirada das sancións a os outros catro, valora dun xeito altamente positivo a participación e conciencia dos compañeir@s que secundamos o paro.

No comunicado do 20 de agosto pasado, a CIG manifestou que a decisión tomada era, e é, unha "desproporcionada resposta da Empresa contra a clase traballadora" e tamén que, neste senso, se a postura da Empresa é incomprensible, a do Comité Intercentros e inaceptable.

As diferentes posicións sindicais que foron mantidas no proceso de negociación colectiva non poden, de ningún xeito, provocar unha intervención empresarial na que toma partido interesado por unha delas e carga contra aquelas que non practican un sindicalismo "pactista".

Inconscientemente?, nunca O MAXIMO ORGANO DE REPRESENTACIÓN DOS TRABALLADOR@S xogou un papel tan activo na represión sindical da empresa contra compañeir@s; pero tamén é certo que nunca ata entón organizacións sindicais directamente implicadas non foran quen de artellar un compromiso común na defensa dos despedidos e sancionados, deixando entrever certo desinterese no papel que lles toca asumir.

Para a CIG, A UNIDADE E A SOLIDARIEDADE DE TODOL@S TRABALLADOR@S é a ferramenta imprescindible para avanzar na conquista e defensa dos nosos dereitos, máxime nun intre no que a precariedade e o recorte dos dereitos laborais esta avanzando en moitos sectores incluído o das telecomunicacións.

É por iso que tanto o **C.I. como o Comité de Madrid** (no que lle corresponde a cada un), **por responsabilidade e coherencia**, teñen que ser os que avangarden unhas mobilizacións que leven á retirada de todas as sancións e á readmisión dos compañeir@s despedidos. **Aínda estamos a tempo.**

A 9 de Setembro de 2008.